

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 28 de XULLO de 2017**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de xullo de 2017, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/17, do 30 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 20801 á número 23400, de 2017.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio da data do Pleno ordinario correspondente ao oitavo mes de 2017.

### **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a Programación lírica da Coruña 2017.

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Ciclismo correspondente a subvención nominativa concedida para financiar a realización de actividades de promoción do ciclismo na provincia, no ano 2016.

### **Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero**

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ALCER para financiar o Programa BULE CON ALCER 2017.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes para financiar os “Servizos Sociais Básicos da Mancomunidade da Comarca de Ordes (Frades, Ordes e Oroso) ano 2017”.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal para financiar o Proxecto de inclusión laboral en comercio dirixido a persoas con discapacidade funcional no ano 2016.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Participa para a inclusión social para financiar o programa provincial de participación social para entidades de persoas afectadas por diversidade funcional no ano 2016.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) para financiar o proxecto “Actuacións 2016”.

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello da Coruña para financiar o proxecto “Viveiro de Empresas Papagaio”.

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para o financiamento da “XXXIV Mostra da Olería de Buño”.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

13.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2017. 2ª fase.

14.- Aprobación do Plan de inversión en vías provinciais 2017. 5ª fase.

15.- Aprobación do Plan de sendas peonís 2017. 5ª fase.

16.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2017. 1ª fase.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

17.-Aprobación inicial da cesión da titularidade de varios predios situados en Bastiaqueiro (Oleiros), na marxe dereita da estrada A Coruña - Santa Cruz en sentido crecente, a favor do Concello de Oleiros.

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para financiar a rehabilitación do Pazo de Arenaza e posterior cesión á Deputación Provincial da Coruña para crear un espazo de traballo colaborativo (co-working).

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para financiar a obra de “Ampliación da piscina municipal”.

20.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Acondicionamento de parcela no lugar de Forte para parque móbil” do Concello de Boqueixón incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0418.0).

21.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Cuberta para pavillón polideportivo e outros” do Concello de Moeche, cofinanciado pola Deputación a través dun convenio de colaboración.

22.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o proxecto “Proxecto piloto de mellora da contorna urbana mediante intervencións artísticas en medianeiras descubertas REXENERAFEST”.

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

23.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2017.

24.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria no 30/06/2017 e proxección ao 31/12/2017.

25.-Aprobación definitiva da conta xeral do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2016.

26.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2017 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

27.-Toma de coñecemento da rendición das contas anuais da Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), correspondente ao ano 2016.

28.-Aprobación da desestimación do recurso de reposición interposto por Jesús Martínez Loira contra o acordo do pleno de 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo para 2017.

29.-Aprobación da desestimación do recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia contra o acordo do pleno do 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal 2017.

### **Actas**

30.- Renuncia de don Eduardo José Parga Veiga á súa condición de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

I.Moción do Grupo Provincial Popular sobre renuncia de deputado provincial D. Juan José Dieste Ortigueira.

II. Moción do Grupo Provincial Popular sobre renuncia de deputado provincial D. Luis Oujo Pouso.

III. Moción do Grupo Provincial Popular sobre renuncia de deputado provincial D. Javier Caínzos Vázquez.

ROGOS E PREGUNTAS



D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e vinte minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 7/17, DO 30 DE XUÑO.**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 7/17, do 30 de xuño.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 20801 Á NÚMERO 23400, DE 2017.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 20801 á número 23400, de 2017.

**3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DA DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO OITAVO MES DE 2017.**

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día e apróbase por unanimidade.

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia e apróbase por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 25 de agosto, o que aconsella retrasar esa data,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2017 celebrarase o día 15 de setembro, venres, a partir das doce horas”.

#### **4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN LÍRICA DA CORUÑA 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña e a concesión dunha subvención nominativa por importe de 125.000 €, concedida para financiar a *Programación lírica da Coruña 2017*, cun orzamento subvencionado de 480.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xullo de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a *Programación lírica da Coruña 2017*.**

Na Coruña,



## REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

Dna. Natalia Lamas Vázquez, presidenta da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

## EXPOÑEN

1.- Que, no ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela. O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo., asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2017.

4.- Que a entidade solicita a autorización de utilización do Teatro Colón para as óperas “Un ballo in maschera” e “Lucrezia Borgia”, o concerto lírico homenaxe a Alberto Zedda e o recital de Ángeles Blancas Gulín, debido á imposibilidade de utilizar o Palacio da Ópera.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a **Programación lírica da Coruña 2017** que terá lugar entre os meses de agosto a decembro deste ano, coa seguinte programación:

#### Óperas.-

\* “Un ballo in maschera” de Giuseppe Verdi: 1 e 3 de setembro no Teatro Colón

\* “ Lucrezia Borgia” de Gaetano Donizetti (versión concerto): 23 de setembro no Teatro Colón

### Recitais e Concertos.-

- \* “Homenaxe a Alberto Zedda” : 9 de setembro no Teatro Colón
- \* Ciclo “Os Nossos Intérpretes” Ángeles Blancas Gulín: 14 de outubro no Teatro Colón
- \* XI Ciclo de As Novas Voces Galegas, Christian Gil Borrelli: 26 de outubro no Auditorio de Afundación
- \* II Ciclo de “Lírica Inclusiva” : dous recitais en outubro e novembro
- \* Gala lírica do 65 aniversario, Pretty Yende: 8 de decembro no Teatro Rosalía de Castro

### Actividades paralelas.-

- \* “Curso de Interpretación Vocal de Renata Scotto” no Auditorio de Afundación
- \* Concertos, Conferencias, Proxeccións e Ciclos de Cine no Auditorio de Afundación  
Desenvolveranse entre o 20 de agosto e o 30 de novembro

## **II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a asociación Amigos da Ópera da Coruña**

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Produción da ópera “Un ballo in maschera”	
Gastos de contratación da produción	45.000.-
Transportes	5.000.-
Gastos de contratación do persoal técnico	80.000.-
Contratación de repertoristas e persoal de apoio	5.000.-
Caché de artistas contratados para a ópera	120.000.-
Viaxes e aloxamentos	20.000.-
Produción da ópera “Lucrezia Borgia”	
Gastos de contratación do persoal técnico	10.000.-
Cachés de artistas contratados para a ópera	70.000.-
Viaxes e aloxamentos	10.000.-
Produción da gala lírica “Homenaxe a Alberto Zedda”	
Contratación do persoal técnico	5.000.-
Contratacións artísticas	5.000.-
Viaxes e aloxamentos	5.000.-
Organización do recital “Os nosos intérpretes”	
Produción, cachés artísticos:	10.000.-
Organización Ciclo “Lírica inclusiva”	
Produción, cachés artísticos:	10.000.-
Gala lírica do 65 aniversario	
Produción, cachés artísticos e viaxes	25.000.-
Organización “Curso de Interpretación Vocal de Renata Scotto”	
Produción, cachés artísticos e organización do concerto final	20.000.-

Organización de actividades paralelas	
Producción, cachés artísticos e aluguer de material	15.000.-
Comunicación, publicidade e deseño de programas	10.000.-
Audiovisuais, confección de vídeos e fotografías	10.000.-
<b>Total</b>	<b>480.000 €</b>

### **III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**A.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, **cunha achega en metálico, por importe máximo de 125.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **26,04 %**.

1.- A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,04 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**B.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, **cunha achega en especie por un importe de 34.712,88 €**, correspondente aos gastos da **utilización do Teatro Colón**, que se realizará nas seguintes condicións:

1.- A Deputación autoriza a utilización do Teatro Colón, de balde, pola asociación Amigos da Ópera da Coruña para a realización das seguintes actividades nas datas que se indican:

- “Un ballo in maschera” de Giuseppe Verdi: do 16 de agosto ao 4 de setembro
- “Lucrezia Borgia” de Gaetano Donizetti (versión concerto): do 14 ao 23 de setembro
- “Homenaxe a Alberto Zedda” : do 5 ao 9 de setembro
- Ciclo “Os Nosos Intérpretes” Ángeles Blancas Gulín: 14 de outubro

A Deputación pon á disposición da asociación os seguintes medios persoais e técnicos:

- Persoal de atención de sala para os días dos eventos, nas datas citadas na cláusula I e os días de ensaio xeral das óperas ( 30 de agosto e 21 de setembro).
- Instalacións escénicas do Teatro Colón: maquinaria e equipamento escénico, iluminación, audiovisuais e equipamento escénico.
- Piano: para os ensaios das óperas e os ensaios e celebración dos concertos.
- Persoal técnico: 1 xefe técnico, para todos os días de utilización do teatro, que controlará e asistirá aos técnicos contratados pola entidade.
- Persoal de carga e descarga: 4 cargadores para os días 18 de agosto e 04 de setembro, 4 horas diarias; 2 cargadores para os días 5, 9, 15 e 23 de setembro, dúas horas diarias.

A autorización da utilización do Teatro e os medios persoais e técnicos necesarios cuantifícase nun total de **34.712,88€** , co seguinte detalle:

Cota fixa por día ( 600 € x 36 días).	21.600 €
Montaxe e mantemento escénico ( 23 € x 288 horas)	6.624 €
Uso do piano ( 150 € x 31 sesións)	4.650 €
Publicidade exterior ( 300 € x 4 eventos)	1.200 €
Persoal de carga e descarga: (13,31 € x 48 horas)	638,88 €

2.- A Deputación autoriza á asociación Amigos da Ópera da Coruña para o **cobro dos prezos** dos espectáculos que se realizarán no Teatro Colón, polos seguintes importes máximos:

Establécense 3 zonas:

- A- Platea central
- B- Platea lateral
- C- Xeral

Os prezos máximos serán:

\* Ópera representada “Un ballo in maschera”:  
zona A: 95 €, zona B: 75 €, zona C: 30 €

\* Ópera en concerto “Lucrezia Borgia”:  
zona A: 85 €, zona B: 65 €, zona C: 25 €

\* “Viva Rossini” Concerto homenaxe a Alberto Zedda :  
zona A: 30 €, zona B: 25 €, zona C: 15 €

\* Ciclo “Os Nossos Intérpretes” Ángeles Blancas Gulín:  
zona A: 20 €, zona B: 15 €, zona C: 10 €

A compra do abono completo ten un desconto do 10% do prezo total para os aboados.

3.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá achegar, con carácter previo á sinatura deste convenio, a copia do seguro de responsabilidade civil e compromiso de contratación dunha póliza especial que cubra os danos a terceiros que poidan xurdir pola celebración dos eventos. Tamén deberá achegar o compromiso de asumir os gastos que se ocasionen por eivas ou deficiencias, logo de que se determine o importe total no que deba ser indemnizada esta Administración.

**C.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, **cunha achega en especie por un importe de 1.714,08 €**, correspondente aos gastos de realización na **Imprenta provincial** dos programas das actuacións da Programación lírica da Coruña 2017( 5.960 programas).

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2017*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria das actividades realizadas, subscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:

\* Memoria final de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas na Programación Lírica da Coruña 2017 e dos resultados obtidos.

\* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do **31 de maio de 2018**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.



## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO CORRESPONDENTE A SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO CICLISMO NA PROVINCIA, NO ANO 2016.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Ao producirse un empate entre os votos a favor e os votos en contra, repítese a votación, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico, artigo 74.2:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 de deputados (PP)

Abstéñense: 3 deputados (Marea Atlántica)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, o voto en contra do PP e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de xullo de 2017.

2.- Aprobar o convenio coa Federación Galega de Ciclismo correspondente á subvención nominativa, por importe de 86.500,00 €, concedida para financiar a realización de actividades de promoción do ciclismo na provincia, no ano 2016, cun orzamento subvencionado de 108.923,00 €, de acordo co texto que se achega.

**"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Ciclismo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización de actividades de promoción do ciclismo na provincia, no ano 2016.**

Na Coruña,

## REÚNENSE

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Carlos Muñiz Nieto, presidente da **Federación Galega de Ciclismo**.

## MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a **Federación Galega de Ciclismo** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega de Ciclismo** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega de Ciclismo** (NIF:

G36644870) para financiar **a realización de actividades de promoción do ciclismo na provincia, no ano 2016:**

DATA	Concello	Actividade
15/05/2016	Monfero	XV Volta Ciclista á Provincia da Coruña e actividades con nenos mentres se disputa a etapa da Volta á Provincia da Coruña
16/05/2016	Mañón	XV Volta Ciclista á Provincia da Coruña e actividades con nenos mentres se disputa a etapa da Volta á Provincia da Coruña
17/05/2016	Valdoviño	XV Volta Ciclista á Provincia da Coruña e actividades con nenos mentres se disputa a etapa da Volta á Provincia da Coruña
09/04/2016	Ferrol	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
23/04/2016	Rianxo	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
14/05/2016	Mugardos	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
21/05/2016	Betanzos	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
28/05/2016	Cambre	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
02/07/2016	Oleiros	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
30/07/2016	Arteixo	IV Open Deputación da Coruña de BTT XCO
16/07/2016	Boiro	Circuíto Deputación da Coruña de Ruta
24/07/2016	Teo	Circuíto Deputación da Coruña de Ruta
10/09/2016	Coristanco	Circuíto Deputación da Coruña de Ruta

## II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Federación Galega de Ciclismo** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Hoteis, equipos, organización	29.521,20 €
Infraestruturas de saída e metas	9.619,50 €
Axudas a equipos para desprazamentos	5.700,00 €
Revistas, acreditacións equipos, árbitros, etc	3.044,52 €
Ambulancias,( 2 por día)	1.800,00 €
Taxas Federativas a Real Federación Española	2.807,00 €
Produtora de Vídeo e TV (Gravación e montaxe)	1.028,50 €

Trofeos	275,99 €
Maillots de líder	703,31 €
Dorsais e placas de bicicleta	1.996,50 €
Radio volta, emisoras para comunicación entre organización, equipos e árbitro	998,25 €
Equipo sinalización e marcaxe etapas Volta	1.500,00 €
Motos técnicas e de enlace para axuda a Guarda Civil na Volta	3.450,00 €
Coches neutros con material e bicicletas de reposto en Volta	2.100,00 €
Coches para xurado Técnico en Volta	2.058,96 €
Adhesivos para coches de xurado Técnico, organización, etc. en Volta	327,78 €
Speaker de saída e chegada, prensa na Volta	600,00 €
Camisetas publicitarias de regalo aos nenos das actividades durante a Volta	800,42 €
Axuda á organización das actividades cos nenos durante a Volta	8.000,00 €
Combustible coches Volta	1.344,91 €
Lonas fondo podio Circuito BTT	835,60 €
Infraestructuras probas Circuito de BTT (valos, podio, arco de meta)	5.038,00 €
Material para montaxe (bridas, cinta embalaxe, impermeables)	150,00 €
Trofeos e medallas Circuito BTT (30 por proba)	2.529,00 €
Locutor de metas e notas de prensa Circuito BTT	1.696,00 €
Dorsais Circuito BTT e Ruta	669,30 €
Vídeo resumo Circuito BTT	954,00 €
Cinta para marcaxe percorridos Circuito BTT	1.302,26 €
Axuda equipos Circuito BTT (médico, árbitros, premios)	2.800,00 €
Ambulancias Circuito BTT	1.030,00 €
Maillots Circuito BTT (10 por día)	947,00 €
Cronometraxe probas Circuito BTT	1.624,00 €
Motos enlace Circuito Ruta (10 motos a 70 € día)	1.400,00 €
Material sinalización percorrido Circuito Ruta (frechas, premio montaña, etc.)	525,00 €
Axuda equipos Circuito Ruta (medico, árbitros, premios)	1.200,00 €
Infraestructura Circuito de Ruta (valos, camión podio, ponte de meta)	3.648,00 €

Coches neutros con material e bicicletas de reposto en Circuito Ruta	600,00 €
Vídeo resumo Circuito Ruta	636,00 €
Trofeos e medallas Circuito Ruta	765,00 €
Maillots Circuito Ruta (4 por día)	447,00 €
Locutor de meta Circuito Ruta	900,00 €
Ambulancias probas Circuito Ruta	1.550,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>108.923,00 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **86.500,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,41 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,41 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Federación Galega de Ciclismo** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á **Federación Galega de Ciclismo**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á **Federación Galega de Ciclismo** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a **Federación Galega de Ciclismo** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación Galega de Ciclismo**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á **Federación Galega de Ciclismo** unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **Federación Galega de Ciclismo**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 31 de decembro de 2016

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Federación Galega de Ciclismo** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Federación Galega de Ciclismo** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación Galega de Ciclismo** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56<sup>a</sup>.das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación Galega de Ciclismo** na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **Federación Galega de Ciclismo** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A **Federación Galega de Ciclismo** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa



Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A **Federación Galega de Ciclismo** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Federación Galega de Ciclismo** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Federación Galega de Ciclismo** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Federación Galega de Ciclismo** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Federación Galega de Ciclismo** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Federación Galega de Ciclismo** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da **Federación Galega de Ciclismo**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ALCER PARA FINANCIAR O PROGRAMA BULE CON ALCER 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19 de xuño de 2017 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial. da Coruña e a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), CIF G15058647, para o financiar o Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2017, por importe de 36.000 €, que supón unha porcentaxe do 51,50 % do orzamento subvencionado que é de 69.900 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EJERCICIO FÍSICO E PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES. BULE CON ALCER 2017**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña,

Dunha parte Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lles delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Rafael Ramón Rodríguez Martínez, presidente da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) ten como fins a atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e social das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptibles de transplante, así como a execución de actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e a atención socio-sanitaria do colectivo. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de Admón. Local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación ten competencia para colaborar no financiamento de actividades no ámbito socio-sanitario consistentes en aumentar a autonomía, paliar as limitacións ou sufrimentos e facilitar a inserción social de enfermos crónicos (Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia), sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da Asociación de Lucha Contra

Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos que fan unha colaboración económica para o resto da cofinanciamento do programa.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios/as procedentes e derivados/as dos concellos sinalados no obxecto deste convenio.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade, ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), CIF G15058647, para financiar o Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2017, para promover a actividade física e a interacción social para persoas con enfermidade crónica, á espera de transplantes, transplantadas e aos seus familiares. O ámbito territorial é a provincia da Coruña e o programa xa se desenvolve en: Ferrol, A Coruña, Melide, Arteixo, Culleredo, Santiago de Compostela, Ortigueira, Teo, Narón e Cedeira.

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER)**

A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>Persoal técnico</b>	<b>Salario Bruto anual</b>	<b>% Destinado</b>	<b>Importe</b>
1.1 Traballador social	26.088,00 €	30 %	7.826,40 €
1.2. Licenciado en INEF	26.088,00 €	100 %	26.088,00 €
1.3. Xestor administrativo	26.088,00 €	50 %	13.044,00 €
1.4. 10 Monitores da actividade física	16.704,00 €	100 % (12 €/hora monitor – 1392 horas anuais)	16.704,00 €

Desprazamentos	Importe Km	Km mensuais	Meses	Importe
Equipo técnico	0,19	1300	12	2.964,00€
Autoestrada				2.601,60 €
Voluntarios	0,19	295	12	672,00 €
<b>Total</b>				<b>69.900 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **51,50%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **51,50 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **51,50%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación de Lucha

Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) .

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos/as usuarios/as atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os/as acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro do 2017.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) deberá presentar a xustificación documental antes do **31 de maio de 2018.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6 das de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación

seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de La Coruña (ALCER) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día de de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL,  
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE  
IGUALDADE

ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA  
ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA  
CORUÑA

Ánxela Franco Pouso

Rafael Ramón Rodríguez Martínez

**7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES PARA FINANCIAR OS “SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS DA MANCOMUNIDADE DA COMARCA DE ORDES (FRADES, ORDES E OROSO) AÑO 2017”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de xullo de 2017 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, (CIF P1500003G) para o financiamento dos “Servizos sociais básicos da Mancomunidade de Municipios de Comarca de Ordes ano 2017”, cunha achega da Deputación que ascende a cantidade de 120.815,01 €, que representa unha porcentaxe do 76,47 % do total do gasto previsto que é de 158.000,23 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46301 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Número\_\_ /2017

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES PARA FINANCIAR OS “SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS DA MANCOMUNIDADE DA COMARCA DE ORDES (FRADES, ORDES E OROSO) AÑO 2017”**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

## **Reunidos**

Dunha parte Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

E doutra parte D. Roberto Rey Martínez, presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

## **MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico, económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais. Estas competencias tamén se recollen no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes (P1500003G), para financiar os servizos sociais comunitarios básicos dos concellos de Frades, Ordes e Oroso mediante o financiamento do persoal destes servizos.

### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.**

A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO. Gastos de persoal (Retribución bruta e seguridade social)</b>				
<b>Módulos</b>	<b>Persoal subvencionado</b>	<b>Tipo de xornada</b>	<b>Orzamento</b>	<b>Achega Deputación</b>
<b>I</b>	Auxiliar administrativo 1 Ordes	Completa	44.610,12	25.944,1
<b>II</b>	Técnico de grado medio 1 Ordes	Completa	20.504,28	20.504,28
<b>III</b>	Técnico de grado medio 2 Oroso	Completa	24.604,05	21.435,14
<b>IV</b>	Persoal auxiliar SAF Básico Frades		24.599,83	17.643,83
<b>V</b>	Persoal auxiliar SAF Básico Ordes		22.224,15	17.643,83
<b>VI</b>	Persoal auxiliar SAF Básico Oroso		21.457,8	17.643,83
<b>TOTAL</b>			<b>158.000,23</b>	<b>120.815,01</b>

**\* Non se financiarán gastos de quilometraxe e material**

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.815,01 €, o que representa unha porcentaxe de 76,47 % . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,47 %, da cantidade efectivamente xustificada. Non obstante, para obter a achega provincial en cada módulo, os gastos executados en cada un dos módulos deberá alcanzar a achega provincial para o módulo. Noutro caso, a contía da achega reducirase ata que esta, xunto cos outros ingresos obtidos para o mesmo módulo igualen ao gasto executado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46301, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, e copago, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que, en cada módulo, o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado en cada módulo, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Corresponderalle á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56<sup>o</sup> das de execución do orzamento para o ano 2017 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade por cada módulo.
- A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Poderán descargar o modelo de memoria na plataforma Subtel na convocatoria do FOPPS.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas e/ou ingresos de usuarios/as recibidos para a mesma finalidade por cada módulo.
- A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017.

2. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de marzo de 2018.



3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2018.

2.Para o caso de que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes non poida presentar a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder á **prórroga** solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día  
\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL,  
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE  
IGUALDADE

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DA MANCOMUNIDADE DE  
MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES

Ánxela Franco Pouso

Roberto Rey Martínez

**8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INCLUSIÓN LABORAL EN COMERCIO DIRIXIDO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FUNCIONAL NO ANO 2016.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 13 de xullo de 2017 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal, G15786411, para financiar o Proxecto de inclusión laboral en comercio dirixido a persoas con diversidade funcional no ano 2016, cunha achega da Deputación que ascende a 95.000 €, que representa unha porcentaxe do 79,98 % do orzamento total de gasto previsto que é de 118.785,93 € , con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do vixente orzamento.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INCLUSIÓN LABORAL EN COMERCIO DIRIXIDO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FUNCIONAL NO ANO 2016**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

Dna. M<sup>a</sup> Amparo Cerecedo Sánchez presidenta da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### **MANIFESTAN**

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme coas leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal, CIF G15786411, para financiar o Proxecto de inclusión laboral en comercio dirixido a persoas con discapacidade funcional no ano 2016.

A actividade consiste na segunda fase dun programa formativo e laboral no pequeno comercio para a formación e a inclusión no mercado de traballo de persoas cun grao de discapacidade legalmente recoñecido como igual ou superior ao 33 %. Inclúe un itinerario formativo de tripla dimensión: formación teórica, formación práctica e a contratación de persoal.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ASOCIACIÓN DO PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO CARAMIÑAL

A Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>ORZAMENTO</b>	
<b>Gastos de persoal</b> - Nóminas: * Dirección do proxecto (1) (30h/semana): 15.255,38 € * Educador/a social (1) (5 meses--9h/semana; 4 meses -- 30h/semana): 7.956,17 € * Contratación persoas con diversidade funcional (7): 6.196,41 € - Seguridade social: 11.193,88 €	40.601,84 €
<b>Alugueiro local</b> (12 mensualidades 1089 €/mes)	13.068,00 €
<b>Consumos e servizos básicos:</b> - Internet e teléfono: 775,35 € - Luz: 772,23 € - Auga: 132,92 € - Lixo: 168,38 € - Pólizas de seguros: 652,22 € - Funxibles e material de oficina: 2.750,50 €	5.251,60 €
<b>Contratacións externas:</b> - Formación en comercio e visual merchandising (1 docente 225 h)	14.278,00 €

<b>Contratacións externas:</b> - Asesoramento fiscal, laboral: 1095,96 € - Formación en operacións de venda, TIC aplicadas ao comercio e cálculo para operacións comerciais (1 docente 35h): 1885,48 €	2.981,44 €
<b>Contratacións externas:</b> - Impresión material didáctico e material de escaparatismo: Vinilos,PVC,maletíns,carpetas,folios, bolis, lapis, cadernos: 9.207,97 € - Uniformes: 5.720,15 € - Bolsas: - Algodón:3.645,24 € - Papel: 3.967,80 € - Publicidade: - Trípticos, flyers, cartellaría, reparto, adhesivos, chapas: 9.331,48 € - Lonas: 10.732,41 €	42.605,05 €
<b>TOTAL</b>	<b>118.785,93 €</b>

A totalidade de ingresos do orzamento do 2016 da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra ascende a 134.600 € e de gastos a 134.600 €.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **95.000 €**, o que representa unha porcentaxe de **79,98 %** . No caso de que o gasto xustificadonon acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,98 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadonon.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.



- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán ser executadas entre o **1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do **30 de setembro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas

de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2017**.

2.Para o caso de que a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de setembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2017. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación do Pequeno Comercio da Pobra do Caramiñal, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DO EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE PEQUENO COMERCIO DA POBRA DO IGUALDADE DE XÉNERO CARAMIÑAL

Ánxela Franco Pouso

Asdo.: M<sup>a</sup> Amparo Cerecedo Sánchez”

**9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARTICIPA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL PARA FINANCIAR O PROGRAMA PROVINCIAL DE PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA ENTIDADES DE PERSOAS AFECTADAS POR DIVERSIDADE FUNCIONAL NO ANO 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 18 de xullo de 2017 que consta no expediente.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio coa Asociación Participa para la Inclusión Social correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o Programa provincial de participación social para entidades de persoas afectadas por diversidade funcional no ano 2016, cun orzamento subvencionado de 22.525,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARTICIPA PARA LA INCLUSIÓN SOCIAL PARA FINANCIAR O PROGRAMA PROVINCIAL DE PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA ENTIDADES DE PERSOAS AFECTADAS POR DIVERSIDADE FUNCIONAL NO ANO 2016**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

## **Reunidos**

Dna. Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

D. María Martínez Lemos, Vicepresidenta da Asociación Participa para la Inclusión Social

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## **MANIFESTAN**

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Asociación Participa para la Inclusión Social ten como obxecto a promoción de mecanismos de participación e inclusión social para persoas que pertencen a colectivos en situación de desvantaxe por razóns físicas, sociais, étnicas, económicas, culturais e calquera outra de similar natureza.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Participa para la Inclusión Social de acordo ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Participa para la Inclusión Social, con CIF G15870173, para o financiamento de actividades socioculturais, de participación e axuste social, que se realizarán nas propias sedes das entidades. Este programa pretende compensar diferenzas no acceso ás actividades artísticas e creativas das persoas afectadas, situadas en zonas dispersas da xeografía da provincia e con menos recursos.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Participa para la Inclusión Social, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
<b>Gastos de persoal</b>	1 Técnico 1/2 xornada	Soldos e salarios	7.225,57
		Seguridade social	2.642,88
	1 Técnico 12 h/semana	Soldos e salarios	4.240,50
		Seguridade social	1.646,52
<b>Servizos profesionais (Psicólogo clínico)</b>			1.506,00
<b>Imprenta:</b> edición de cartelería, laminados e serigrafía prendas			199,00
<b>Materiais non inventariables para actividades</b>	Manualidades, copias e plastificados, obxectos para manipulación nos obradoiros		1.158,00
	Instrumentos musicais sinxelos, obxectos estimulación cognitiva		335,00
	Desbotables: colchonetas brandas, téxtiles varios, alfombras de actividade, etc		472,00
<b>Axudas de custo e desprazamento</b>			1.140,53
<b>Comunicacións</b>			99,00
<b>Formación externa</b>	Curso de Musicoterapia adaptada		160,00
	Curso de Didáctica artística		300,00
<b>Subministración externa:</b> Transporte			1.400,00
<b>TOTAL</b>			<b>22.525,00</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **44,395 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **44,395%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Participa para la Inclusión Social. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Participa para la Inclusión Social, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Participa para la Inclusión Social deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Asociación Participa para la Inclusión Social tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Participa para la Inclusión Social.



## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Participa para la Inclusión Social unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Participa para la Inclusión Social, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse desde o 15 de xaneiro ao 15 de novembro do 2016.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Participa para la Inclusión Social deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **30 de novembro de 2017.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Participa para la Inclusión Social para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Participa para la Inclusión Social da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Participa para la Inclusión Social na

documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Participa para la Inclusión Social terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A Asociación Participa para la Inclusión Social deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Asociación Participa para la Inclusión Social destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Participa para la Inclusión Social deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Participa para la Inclusión Social poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos

fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Participa para la Inclusión Social queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Participa para la Inclusión Social serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Participa para la Inclusión Social será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 15 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación de dúbidas e lagoas que poidan xurdir da aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día  
de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, O PRESIDENTE DA ENTIDADE EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE IGUALDADE”

## **10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTUACIÓN 2016”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Excepcionar, no presente expediente, o cumprimento do principio de imputación temporal do gasto establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais, dado que o gasto a que vai referido o convenio xa foi executado no exercicio 2016.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA EUME E ORTEGAL CIFG70199112 para financiar o proxecto de “Actuacións 2016”

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL

A Coruña

## REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Cristóbal Dobarro Gómez, con DNI núm. 32683069-T, en representación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL

Na Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do proxecto “Actuacións 2016” que ten como obxectivo asesorar ás empresas e aos emprendedores da zona de influencia da entidade xa que é necesario abrir novos mercados ás empresas e atraer investimentos exteriores.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL CIF G70199112, para o financiamento do proxecto “Actuacións 2016”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR  
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Ferramentas para o emprego. Bolsas de traballo: <ul style="list-style-type: none"><li>• (PROMOCIÓN EMPREGO)Plataformatelemática.....6.000,00 €</li><li>• (FORMACIÓN) Talleres de emprego.....2.350,00 €</li><li>• (SOLDOS E SALARIOS)Contratación persoal técnico.....650,00 €</li></ul>	9.000,00 €
Emprendemento: <ul style="list-style-type: none"><li>• (FORMACIÓN)Formación emprendedores.....3.225,00 €</li><li>• (FORMACIÓN)Proxecto oportunidades de negocio( detección, difusión e obradoiros) .....7.000,00 €</li><li>• (SERVIZO APOIO CREACIÓN DE EMPRESAS)Servizo Creación de Empresas.....9.775,00 €</li></ul>	20.000,00 €

<b>Promoción económica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (PROMOCIÓN ECONÓMICA) Campaña captación investimentos no exterior..... 3.000,00 €</li> <li>• (PROMOCIÓN ECONÓMICA) Participación en feiras..... 2.000,00 €</li> <li>• (PROMOCIÓN ECONÓMICA) Encontros empresariais e actos 2016.....12.000,00 €</li> <li>• (PUBLICIDADE PRENSA E PUBLICACIÓNS) Revista anuario Cofer .....6.500,00 €</li> <li>• (DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN) Promoción actuacións en redes sociais.....2.700,00 €</li> <li>• (FORMACIÓN) Identificación e análise de necesidades formativas.....3.000,00 €</li> </ul>	29.200,00 €
(PUBLICIDADE PRENSA E PUBLICACIÓNS) Publicidade dos proxectos	9.000,00 €
Gastos estruturais	7.800,00 €
<b>CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE</b>	<b>75.000,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 80% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á



compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_ do día \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente

O representante da entidade

Valentín González Formoso

A CONFEDERACIÓN DE  
EMPRESARIOS DE  
FERROLTERRA, EUME E  
ORTEGAL”

## **11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “VIVEIRO DE EMPRESAS PAPAGAIO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o convenio de colaboración co Concello da Coruña para financiar o proxecto “Viveiro de empresas Papagaio” por importe de 75.000,00€, de acordo co texto que se achega.

4º.- O crédito a que imputarase o gasto derivado da achega provincial ao convenio figura consignado na partida 0510/24100/46201 do vixente orzamento da Corporación.

5º O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO "VIVEIRO DE EMPRESAS PAPAGAIO"

Na Coruña, .....

REUNIDOS

Dunha parte o señor Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. .... con DNI núm. .... en representación do Concello da Coruña Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas as dúas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiamento do proxecto "Viveiro de Empresas Papagaio".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES		IMPORTE
Accións de promoción e material promocional e publicidade		32.500,00€
Campaña/plan de comunicación e publicidade	14.500,00	
Presentación promocional do espazo	12.000,00	
Establecemento e posicionamento da páxina web	3.000,00	
Dossier e material corporativo	3.000,00	
Accións formativas		15.700,00
Accións formativas, xornadas, encontros e conferencias	15.700,00	
Gastos de persoal		26.800,00

Técnico/a responsable da dinamización e lanzamento (nova contratación durante 6 meses)	26.800,00	
Total custo proxecto		75.000,00

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 75.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/46201 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No procedemento de contratación o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de emprego local, dispoñible na web: [www.emplo.dacoruna.gal](http://www.emplo.dacoruna.gal)

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello da Coruña achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

## VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

### Pendente de consultar pago anticipo

De acordo co disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.  
No caso de gastos de persoal contratado directamente polo concello, indicarse para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. O concello deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta



xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2018, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o Concello da Coruña non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2018. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación, p.d.

O representante do Concello da Coruña

O deputado de promoción económica, Turismo e emprego”

## **12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA O FINANCIAMENTO DA “XXXIV MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para financiar as actividades “XXXIV Mostra da Olería de Buño 2017”

2º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 80.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

3º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/46201 prevista no vixente orzamento provincial quedando supeditado á entrada en vigor do EMC 3/2017.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

5º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños

A Coruña

## REUNIDOS

Dunha parte o Señor D.José Luis García García en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, de 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, de 30 de xullo, e pola RP 15/29081, de 23 de decembro

Doutra parte D.Eduardo José Parga Veiga, con DNI núm.5243014H, en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de grande interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS, CIF P1504400A para o financiamento do "XXXIV Mostra da Olería de Buño", que se celebrará entre os días 4 ao 13 de agosto de 2017.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
1.-GASTOS DE PERSOAL	15.000,00 €
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS:	85.000,00 €
2.1.- Publicidade/Material gráfico/Cartería:	
• Publicidade medios/radios/cuñas.....20.000,00	
• Redes sociais.....5.000,00 €	
• Material gráfico.....6.000,00 €	
• Outro material publicitario.....5.000,00 €	
TOTAL.....36.000,00 €	
2.2.-Espazos expositivos(detalle):	
• Aluguer carapa.....4.500,00 €	
• Seguridade.....3.400,00 €	
• Instalación eléctricas.....1.500,00 €	

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Montaxe/desmontaxe..... 1.000,00 €</li> <li>• Sonido..... 1.500,00 €</li> <li>• Outros acondicionamentos..... 8.100,00 €</li> </ul>	
Total espazos expositivos ..... 20.000,00 €	
2.3.- Actividades paralelas:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Eventos, animación, obradoiro barro para nenos 12.000,00 €</li> </ul>	
Total..... 12.000,00 €	
2.4.- Subministracións e decoración:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Subministracións- gastos correntes (ferraxería, pinturas, madeira,...)- material non inventariable.</li> <li>• Decoración (atrezzo mostra, pezas barro,..... 10.000,00 €</li> </ul>	
Total..... 10.000,00 €	
2.5 Outros gastos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Día do neno na Mostra, alugueiro de equipos, comunicaci3ns..)..... 7.000,00 €</li> </ul>	
TOTAL..... 7.000,00 €	
TOTAL GASTOS XXXIII MOSTRA OLERÍA DE BUÑO 2016	100.000,00 €

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE



BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á

Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2017, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DO  
CONCELLO DE MALPICA DE  
BERGANTIÑOS

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

### 13.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2017. 2ª FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR O PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2017 2ª FASE cun orzamento total de 571.586,53.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/61900
1711000033.0	REFORZO DO FIRME CON M.A.C. EN DP 4803 MIÑO A PONTEDEUME POR PERBES P. K. 7+200 AL P. K. 10+350 (PONTEDEUME) (COD. EXP. 2017000013442)	PONTEDEUME	237.401,52
1711000034.0	MELLORA DO FIRME CON MBQ NA DP 8401 TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA P. K. 0+000 AL P. K. 2+800 (TORDOIA) (COD. EXP. 2017000013444)	TORDOIA	334.185,01
	TOTAL		571.586,53

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

#### **14.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2017. 5ª FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2017 QUINTA FASE cun orzamento total de 308.189,50.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

<b>CODIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900</b>
1711100012.0	DP 2404 A LARACHA A SILVA POR GOLMAR; MELLORA DO FIRME CON MBQ; PQ 0+00 A 3+300 (A LARACHA).  (COD. EXP.: 2017000013441)	A LARACHA	308.189,50

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

#### **15.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017. 5ª FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017 QUINTA FASE cun orzamento total de 163.994,30 euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

<b>CODIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b> <b>(DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900</b>
1711700006.0	MELLORA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO PQ 3+280 A 4+000 (OROSO)  (COD. EXP.: 2017000013446)	OROSO	163.994,30

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

#### **16.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2017. 1ª FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2017 1ª FASE cun orzamento total de 706.141,99.- euros e que son as que a continuación se detallan

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
DP 8401 DE A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA. CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS P. K. 5+060 AO 5+470 (TORDOIA) (1711300001.0)  (COD. EXP. 2017000013440)	169.745,55
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4603 DO P. K. 7+600 AO P. K. 10+400 (SANTISO) (1711300002.0) (COD. EXP. 2017000013449)	536.396,44
<b>TOTAL</b>	<b>706.141,99</b>

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a

execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016).”

## **17.-APROBACIÓN INICIAL DA CESIÓN DA TITULARIDADE DE VARIOS PREDIOS SITUADOS EN BASTIAGUEIRO (OLEIROS), NA MARXE DEREITA DA ESTRADA A CORUÑA - SANTA CRUZ EN SENTIDO CRECENTE, A FAVOR DO CONCELLO DE OLEIROS.**

### INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

A miña intervención é, dado que na Comisión todos os Grupos participaron, coa vontade que neste caso desde o Grupo de goberno da Deputación se fai cara ao Concello de Oleiros duns predios do noso Concello que estaban nun estado determinado e que o Plan de Oleiros os ten catalogados como zona verde en grande parte e outra como zonas de equipamento deportivo ou sociais, hai que recordar que alí temos o INEF de Galicia, que non é de Galicia só, senón tamén de León e Asturias, é dicir, unha instalación universitaria e a nosa pretensión, a través dun Plan especial que estamos elaborando é regularizar eses solos para que se poidan facer nun futuro inmediato novos equipamentos deportivos de uso compartido, de Universidade e Concello, e ademais agrandar o parque que neste momento Oleiros tiña expropiados máis de douscentos mil metros cadrados nas inmediacións dese parque. Polo tanto, agradecer a boa actitude do Goberno provincial, coa garantía de que se van facer bo uso deses solos a nivel xeral, porque estamos falando de que aínda que pasan ao Concello de Oleiros, o uso é total dos veciños, non só de Oleiros, senón de toda a comarca ou doutros lugares que se despracen ao municipio.

Polo tanto agradecer á Corporación, aos distintos Grupos, a súa postura.

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“A) Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade** en favor do Concello de Oleiros de todas os predios propiedade da Deputación da Coruña situadas en Bastiagueiro (Oleiros), na marxe dereita en sentido crecente da estrada A Coruña - Santa Cruz, cunha superficie total de 130.189 m<sup>2</sup>, que resultaría de sumar a superficie das cinco parcelas rexistras máis os predios A e B do plano elaborado en setembro de 1974 polo perito agrícola, baixo as seguintes condicións:

a) Cesión da titularidade ao Concello de Oleiros de 63.946 m<sup>2</sup> en calidade de nudo propietario (A Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña xa son usufrutuaras de 63.946 m<sup>2</sup>), que se correspondería cos predios rexistras e superficies seguintes:

Predio: 12.102; superficie: 1.000 m<sup>2</sup>  
Predio: 12.101; superficie: 1.000 m<sup>2</sup>  
Predio: 9.544; superficie: 888 m<sup>2</sup>  
Predio: 12.160; superficie: 61.058 m<sup>2</sup>

b) Cesión da titularidade ao Concello de Oleiros de 66.243 m<sup>2</sup> en pleno dominio, que se correspondería cos predios rexistrados e superficies seguintes:

Predio: 12.150; superficie: 4.450 m<sup>2</sup>

Predio A do plano; superficie: 2.733 m<sup>2</sup>

Predio B do plano; superficie: 2.263 m<sup>2</sup>

Predio: 12.160; superficie: 56.797 m<sup>2</sup>

c) As descrições de superficies e lindeiros dos predios cedidos efectúanse a título simplemente informativo, como corpos certos que permitan a súa identificación. A Deputación da Coruña cede a titularidade de todos os dereitos que poida ter sobre estas propiedades nos termos expostos nos parágrafos a) e b) anteriores, sen que caiba reclamación do Concello de Oleiros polas deficiencias e inexactitudes dos títulos de propiedade, correspondéndolle ao Concello de Oleiros corrixilas e efectuar as oportunas operacións de depuración, deslinde, e inscrición no rexistro da propiedade, se fose o caso, a súa exclusiva costa.

d) O Concello de Oleiros respectará a totalidade dos dereitos constituídos con anterioridade sobre estes predios pola Deputación da Coruña en favor da Xunta de Galicia, da Universidade da Coruña, ou das entidades que as sucedan, e deberá dedicar estes bens a un ou varios dos seguintes fins de competencia municipal e interese provincial: usos públicos deportivos, usos públicos culturais, usos públicos sociais, usos públicos recreativos, usos públicos medioambientais, parque público, ou infraestruturas no prazo máximo de 5 anos contados dende o acordo de cesión, debendo manter estes destinos durante os 30 anos seguintes, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias establecidas no artigo 111 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986.

e) Non poderá existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins establecidos na cláusula anterior, establecéndose expresamente a resolución da presente cesión en caso de incumprimento, de conformidade e coas consecuencias dispostas no artigo 111 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986. No caso de que os bens cedidos orixinen algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña.

f) Todos os gastos e impostos a causa da presente cesión serán a costa do Concello de Oleiros, incluídas todas as actuacións administrativas, escrituras públicas e inscricións rexistradas que se precisen con carácter previo para regularizar a titularidade das propiedades cedidas. Do mesmo xeito, todos os tributos e gastos que devenguen as propiedades a partir da formalización da presente cesión serán a costa do Concello de Oleiros.

**B) Deixar sen efecto o acordo do Pleno da Deputación do 29/06/2006** polo que se cedeu a propiedade de 21.024 m<sup>2</sup> ao Concello de Oleiros para a construción dun auditorio, por estar esta superficie xa incluída no punto anterior.



**C) Someter o citado expediente de cesión de titularidade a información pública** mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo mínimo de 15 días, contados dende o seguinte ao da súa publicación.”

**18.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DO PAZO DE ARENAZA E POSTERIOR CESIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CREAR UN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (CO-WORKING).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. APROBAR O TEXTO E A FORMALIZACIÓN do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para financiar as obras de rehabilitación do Pazo de Arenaza e a súa posterior cesión á Deputación Provincial da Coruña para PROMOVER A CREACIÓN DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING) cunha achega provincial máxima de 250.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 98,48% do orzamento total, que ascende a 253.837,90 €.

As obras de rehabilitación do Pazo de Arenaza sito en Iñás, no Campamento\_ N.VI\_ Termo municipal de Oleiros., de 1748,10 m<sup>2</sup>, con referencia catastral 5868201NH5956N0001HS e destinado a uso comunitario asistencial, deberán estar finalizadas no prazo dun ano desde a sinatura do presente convenio, salvo causa debidamente xustificada no expediente que se tramite para o efecto.

2. ACEPTAR a cesión de uso gratuíta á Deputación Provincial da Coruña, do Pazo de Arenaza: unha vez sexa formalizada a acta de recepción da obra, o Concello de Oleiros cederá o uso do inmovible á Deputación Provincial da Coruña, para a súa utilización como Centro de Coworking adscrito ao segundo eixo do programa de emprego Local (PEL).

O acordo de cesión terá unha duración de 15 anos. Non obstante as partes poderán denunciar a vixencia do convenio, cun aviso previo de seis meses de antelación, para o caso de que determinen dar por finalizada a vixencia do acordo, unha vez finalice a operatividade do proxecto do espazo de traballo colaborativo no Pazo de Arenaza, aínda que, as administracións asinantes poderán seguir dedicando as instalacións do Pazo a calquera outro destino relacionado coas súas respectivas competencias e sempre que así o decidan de común acordo. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

**ANEXO**

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS CIF P1505900I PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DO PAZO DE ARENAZA E POSTERIOR CESIÓN A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (CO-WORKING)*

*Na Coruña*

## **REUNIDOS**

Dunha parte o Señor D. José Luís García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte D. Ángel García Seoane, alcalde-presidente do Concello de Oleiros.

## **MANIFIESTAN**

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
2. Que a Deputación Provincial da Coruña está a xestionar no presente mandato o Programa de Emprego Local (PEL) 2016-2019 como o instrumento fundamental da estratexia provincial polo Emprego.
3. Que o Concello de Oleiros conta con medios materiais e instalacións precisas para implementar, xunto coa Deputación, unha política activa de apoio ao emprendemento na comarca coruñesa.
4. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Oleiros en promover o sector do emprendemento e de establecer medidas efectivas de loita contra o paro, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I - OBXECTO**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS, CIF P1505900I para:
  - A. O financiamento do proxecto “Rehabilitación do Pazo de Arenaza das obras de rehabilitación do Pazo de Arenaza, sito en Iñás, no Campamento\_ N.VI\_ Termo municipal de Oleiros., de 1748,10 m2, con referencia catastral 5868201NH5956N0001HS, tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por Pernas Varela Sánchez Cid, SCP, colexiado núm. 20.280.
  - B. A cesión gratuíta á Deputación Provincial da Coruña, do Pazo de Arenaza, para destinalo a creación dun espazo de traballo colaborativo (co-working) no Pazo de Arenaza
2. O Concello de Oleiros, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa

manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

4. Unha vez rematada, e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE OLEIROS, comprométese a poñer a disposición da Deputación e ceder en uso o Pazo de Arenaza á Deputación para destinalo ao uso público de Espazo de traballo colaborativo (coworking) ca posta en marcha correlativa do servizo correspondente. Así mesmo as administracións asinantes, Deputación máis Concello de Oleiros, poderán dedicar as instalacións do pazo a calquera outro destino relacionado coas súas respectivas competencias, no caso de finalizar o destino inicial de traballo colaborativo (coworking) previsto no presente convenio e sempre que así o decidan de común acordo.

## **A - OBRA DE “REHABILITACIÓN DO PAZO DE ARENAZA PARA ESPAZO DE COWORKING”**

### **A1.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS**

O Concello de Oleiros contratará, mediante procedemento aberto e de acordo cos pregos tipo de execución de obras aprobados pola Deputación a execución das obras incluídas no proxecto e non poderá recoller o concepto de melloras.

Para estes efectos é responsabilidade do Concello obter todas as autorizacións e licenzas que sexan preceptivas para a execución das obras previstas, así como para o desenvolvemento das actividades.

### **A 2.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra “Rehabilitación do Pazo de Arenaza para espazo de coworking”, segundo o proxecto técnico, desagregase co seguinte detalle:

- Presuposto de execución material	168.947,77
– Gastos xerais (13%)	21.963,21
– Beneficio industrial (6%)	10.136,87
– Imposto sobre o valor engadido (21%)	42.220,05

O presuposto máximo correspondente aos servizos :

- Dirección de obra	10.570,00 €.
- Coordinación de seguridade e saúde	

Polo tanto, o orzamento total para a actuación obxecto do convenio ascende a **253.837,90€**. A Deputación financiará exclusivamente os gastos de obras, a dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde, non financiando os gastos de proxecto básico e de execución

### **A 3.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 250.000,00€ o que representa unha porcentaxe do 98,48%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actuación, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a concello que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 98,48% da cantidade efectivamente xustificada.

3. A Deputación provincial financiará os gastos derivados do contrato de execución das obras, de redacción do proxecto, honorarios por dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde no porcentaxe establecido do 98,48% do orzamento total que ascende a 253.837,90€. A Deputación non financiará os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra por riba dese importe.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

### **A 4.- DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAUDE**

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento do contrato de dirección e coordinación de seguridade e saúde das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

5. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

### **A 5.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE OLEIROS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Copia do contrato de obra e dos contratos de redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava

3. O aboamento da contía materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada.

#### **A 6.- ACTA DE RECEPCIÓN**

O Concello de Oleiros notificaralle á Deputación, coa debida antelación, a data de formalización da acta de recepción da obra para que asista un técnico da Deputación designado polo presidente da Corporación.

#### **A 7.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio

## **A 8- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello de Oleiros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **A 9- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

As obras de rehabilitación do Pazo de Arenaza deberán estar finalizadas no prazo dun ano desde a sinatura do presente convenio, salvo causa debidamente xustificada no expediente que se tramite para o efecto, conforme ao establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

## **B - ACORDO DE CESIÓN DO PAZO DE ARENAZA PARA ESPAZO DE COWORKING**

### **B1.- ACTA DE ENTREGA**

O concello, unha vez sexa formalizada a acta de recepción da obra, cederá, de balde, o uso da instalación do Pazo de Arenaza á Deputación Provincial da Coruña para garantir a súa adscrición ao proxecto de posta en marcha do espazo de traballo colaborativo (coworking) do Pazo de Arenaza, incluído dentro do segundo eixe do Programa de emprego local (PEL).

### **B2.- CONDICIONS DE CESIÓN**

1. Concello de Oleiros realizará as obras de rehabilitación previstas no proxecto redactado por Pernas Varela Sánchez Cid, SCP, colexiado núm. 20.280, que será financiadas con fondos provinciais nun 98,48%, o que supón unha achega máxima de 250.000,00 € dun orzamento de 253.837,90 € e con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201. Unha vez executada a obra, o concello poñerá a disposición da Deputación Provincial da Coruña o citado inmovible.
2. O mobiliario así como o equipamento informático e administrativo será por conta da Deputación provincial.
3. Todos as subministracións serán por conta da Deputación.
4. Concello de Oleiros aboará os gastos do seguro de bens do citado local.
5. A cesión inclúe as autorizacións necesarias por parte do Concello para a realización das obras e o uso do inmovible como centro Coworking
6. A Deputación provincial poderá instalar na fachada do inmovible, así como na zona de acceso do interior do edificio, os rótulos correspondentes indicativos do Centro de Coworking para facilitar o acceso aos cidadáns, de conformidade coa normativa vixente.

7. Será por conta do Concello o pago dos impostos relativos ao citado local.
8. A Deputación Provincial da Coruña comprometése a manter o local en perfectas condicións de uso mentres dure a cesión de uso de balde.
9. O Concello de Oleiros autoriza á Deputación da Coruña para que realice, durante a vixencia do presente acordo, todas as obras que estime necesarias para a adaptación, reforma, conservación e mantemento do local cedido, así como das súas instalacións, cuxos gastos aboará a Deputación provincial, previa a correspondente tramitación administrativa con arranxo á normativa reguladora da contratación administrativa e do gasto público.
10. No inventario xurídico e no contable deberase inscribir esta cesión de uso así como as condicións de cesión, e en especial a súa duración.
11. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente

### **B3.- VIXENCIA DO ACORDO DE CESIÓN, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O Concello de Oleiros cederá de balde o uso do Pazo de Arenaza á Deputación Provincial da Coruña durante un período de 15 anos a partir da acta de entrega.
2. Non obstante as partes poderán denunciar a vixencia do convenio, cun aviso previo de seis meses de antelación, para o caso de que determinen dar por finalizada a vixencia do acordo, unha vez finalice a operatividade do proxecto do espazo de traballo colaborativo no Pazo de Arenaza. Non obstante, as administracións asinantes poderán seguir dedicando as instalacións do pazo a calquera outro destino relacionado coas súas respectivas competencias e sempre que así o decidan de común acordo.

Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

### **II.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

---

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio e do acordo de cesión constituída por dous vogais, un de cada unha das administracións asinantes designados polos seus respectivos presidentes, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas deste.

### **III.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

---

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, a lexislación de contratos do sector público, e no regulamento de bens das entidades locais.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previo informe da comisión de seguimento e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA FINANCIAR A OBRA DE “AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oroso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oroso
DENOMINACIÓN DA OBRA	Ampliación da piscina municipal
ORZAMENTO DO PROXECTO	99.439,59 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	79.551,67 €
ACHEGA DO CONCELLO	19.887,92 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/342/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “AMPLIACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL”**

Na Coruña,



## REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Oroso, Manuel Mirás Franqueira

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oroso ambas as partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso, con CIF P1506100E, para o financiamento da obra de “Ampliación da piscina municipal”, tal como esta aparece definida no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto, Manuel Suárez Bermúdez.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	69.060,07 €
Gastos xerais (13 %)	8.977,81 €
Beneficio industrial (6 %)	4.143,60 €

IVE (21 %)	17.258,11 €
Orzamento da contrata	99.439,59 €

### **III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 79.551,67€ o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57<sup>a</sup> das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
  - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
  - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
  - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar que lle aboou a terceiros/as o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

### **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiras/os que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo

asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de  
Oroso

Xosé Regueira Varela

Manuel Mirás Franqueira”

**20.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE PARCELA NO LUGAR DE FORTE PARA PARQUE MÓBIL” DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0418.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 26 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, en relación coa Resolución da presidencia nº 19372 do 19/08/2016.

Logo de ver que no anexo II deste acordo figura a listaxe dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase, no apartado PAS 2015- Convenios, no que figura, entre outras, a obra do concello de Boqueixón denominada “Acond. parcela Lg. Forte para parque móbil”, co código 2015.3110.0418.0.

Logo de presentar o Concello de Boqueixón un proxecto modificado desta obra, sen variación económica no seu orzamento, pero cun cambio de ubicación dentro da mesma parcela con respecto ao proxecto aprobado inicialmente.

Logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación e a certificación que acredita a aprobación do concello.

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Boqueixón denominada “Acondicionamento de parcela no lugar de Forte para parque móbil”, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0418.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016 en relación coa Resolución da Presidencia nº 19372 do 19 de agosto de 2016, que non representa unha variación do seu orzamento de contrata, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero si hai un cambio de situación dentro da mesma parcela con respecto ao proxecto inicialmente aprobado

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento total
BOQUEIXÓN	2015.3110.0418.0	Acond. parcela lugar de Forte para parque móbil	32.556,80	8.139,20	40.696,00

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida 0430/135/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Comunicarlle ao Concello de Boqueixón a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”



**21.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “CUBERTA PARA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E OUTROS” DO CONCELLO DE MOECHE, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 28 de abril de 2017, polo que se aprobou un Convenio de colaboración co Concello de Moeche para o financiamento da obra denominada “Cuberta para pavillón polideportivo e outros” cun orzamento de contrata por importe de 104.986,15 euros

Logo de aprobar o Concello de Moeche, despois dos correspondentes informes favorables técnicos e xurídicos, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2017, un proxecto modificado desta obra, sen incremento do seu orzamento, para proceder á emenda dos erros detectados no proxecto inicial pola necesidade de axustar os orzamentos dos capítulos 1 e 2 deste aos prezos previstos na realidade do mercado actual

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Cuberta para pavillón polideportivo e outros”, do Concello de Moeche, cofinanciada por esta deputación a través do Convenio de colaboración 54/2017, que non representa un incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que inclúe modificacións internas nas partidas dos capítulos 1 e 2 do seu orzamento con respecto ao proxecto orixinal, en máis dun 30%, por motivo da necesidade de axuste dos orzamentos citados aos prezos reais do mercado actual.

Nº convenio	Concello	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento total
54/2017	Moeche	Cuberta para pavillón polideportivo e outros	83.988,92 €	20.997,23 €	104.986,15 €

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/342/76201 do vixente orzamento provincial.

4.-Notificarlle ao Concello de Moeche a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

**22.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO “PROXECTO PILOTO DE MELLORA DA CONTORNA URBANA MEDIANTE INTERVENCIÓNS EN MEDIANEIRAS DESCUBERTAS REXENERAFEST”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a **CONCELLO DE CARBALLO**, CIF P1501900C, para o financiamento de “*Proxecto piloto de mellora da contorna urbana mediante intervencións artísticas en medianeiras descubertas REXENERAFEST*”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 68.165,40 euros, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO

En A Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. señor D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da RP 15671 do 27/07/2015, modificada pola RP 16642 do 30/07/2015 e pola RP 29081 do 23/12/2015

Doutra parte D. Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do CONCELLO DE CARBALLO

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO consideran de gran interese para a provincia potenciar e promover o Concello de Carballo como destino turístico a través das intervencións artísticas en medianeiras descubertas co festival REXENERAFEST”, evento que trata de acercar esta arte plástica aos veciños, e ofrecerlle ao visitante un novo motivo para visitar o municipio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CARBALLO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CARBALLO**, CIF P1501900C, para o financiamento do "Proxecto piloto de mellora da contorna urbana mediante intervencións artísticas en medianeiras descubertas REXENERAFEST".

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR

O CONCELLO DE CARBALLO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
<b>EXECUCIÓN DOS MURAIIS / INTERVENCIÓNS :</b> Custo por obra: 4.773,00 € x 9 obras - execución traballos artísticos (pintado) 1.573,00 € - Loxística (grúas, elevadores) 1.550,00 € - Loxística menor (pinturas, pértegas, cintos seguridade) 900,00 € - Axudas de custo por aloxamento e manutención 350,00 € - Billetes de avión 400,00 €	<b>42.957,00 €</b>
<b>ACTIVIDADES</b> - Máster Class Graffiti 1.265,00 € - Máster Class 2 1.165,00 € - Mesa redonda proxectos internacionais arte urbano 900,00 €	<b>3.330,00 €</b>
<b>COORDINACIÓN DO FESTIVAL</b>	<b>9.565,00 €</b>
<b>DESEÑO GRÁFICO E DESEÑO CAMPAÑA PUBLICITARIA</b>	<b>4.955,00 €</b>
<b>IMPRENTA, REPARTO PUBLICIDADE E MERCHANDISING</b> - Imprenta 700,00 € - Reparto publicidade 605,00 € - Merchandising 826,75	<b>2.131,75 €</b>
<b>PUBLICACIÓNS E INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN PRENSA</b>	<b>5.500,00 €</b>
<b>CONCERTO DE PECHE DE FESTIVAL</b> - Grupos 2.178,00 € - DJ 180,00 € - Produción e son do festival 2.410,00 €	<b>4.768,00 €</b>
<b>COMUNICACIÓN EN PRENSA ESCRITA, REDES SOCIAIS, DOSIER E CLIPPING</b>	<b>12.000,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>85.206,75 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 68.165,40 €, o que representa

unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, finánciase con cargo a recursos (propios ou alleos), a entidade beneficiaria acreditará que dispón do crédito consignado adecuado e suficiente para imputarlle a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARBALLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARBALLO o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARBALLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARBALLO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARBALLO.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 57<sup>a</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CARBALLO, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE CARBALLO estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARBALLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación, do órgano competente, sobre a aprobación das facturas e demais documentos xustificativos.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo a terceiras/os do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE CARBALLO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 30 de novembro de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARBALLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARBALLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARBALLO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE CARBALLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CARBALLO deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá constituír algunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. Co cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARBALLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, co cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARBALLO publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, incorporárase ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 30 de novembro do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **28 de febreiro do ano 2018**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE CARBALLO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de decembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Despois de acreditar esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CARBALLO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARBALLO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado,

O representante do CONCELLO DE  
CARBALLO

Xosé Regueira Varela”

**23.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de xuño de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

**24.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA NO 30/06/2017 E PROXECCIÓN AO 31/12/2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da regra do gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

## **25.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña na que se incorpora como documentación complementaria á Conta Xeral a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2016, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.

2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a Conta, unha vez que se aprobe definitivamente.

3º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a información que contén a Conta Xeral do Orzamento da Deputación e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2016, para xeral coñecemento.”

## **26.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

## **27.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RENDICIÓN DAS CONTAS ANUAIS DA AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), CORRESPONDENTE AO ANO 2016.**

O Pleno toma coñecemento da aprobación das contas anuais da Fundación Axencia Enerxética provincia da Coruña correspondente ao exercicio 2016.

## **28.-APROBACIÓN DA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR JESÚS MARTÍNEZ LOIRA CONTRA O ACORDO DO PLENO DE 31/03/2017 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA 2017.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 16 deputados (13 do PP e 3 de Marea Atlántica)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

“Visto o expediente 2017/17175, relativo ao recurso interposto por Jesús Martínez Loira contra o acordo plenario do 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo para 2017 no que se acreditan os seguintes

### **I.- ANTECEDENTES**

**I.1.-** O 31/03/2017 o Pleno da Corporación aprobou a modificación da relación de postos de traballo para 2017. Como non se presentaron alegacións no prazo regulamentario a dita modificación quedou definitivamente aprobada. Esta aprobación definitiva foi anunciada no BOP 103 do 02/06/2017, no que se fai pública a relación de postos de traballo 2017 coas modificacións introducidas.

**I.2.-** O 30/06/2017 Jesús Ángel Martínez Loira, con DNI 52495369P, funcionario da Deputación Provincial da Coruña, interpón recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo para 2017 no que, en síntese, previas as alegacións que considera oportunas, solicita a declaración de nulidade de pleno dereito do acordo citado, así como a inmediata suspensión da execución do dito acto administrativo. Así mesmo solicita a convocatoria dos concursos que procedan e a anulación e suspensión da calquera proposta que interfira no proceso de provisión dos postos.

## **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**II.1.** Alega o recorrente vulneración do procedemento legalmente establecido, baseada en non darlle resposta ás alegacións formuladas durante o período de información pública. Refírese o recorrente aos escritos presentados o 23/03/2017 e o 07/04/2017. Pero os devanditos escritos non conteñen alegación ningunha (no caso do escrito do día 23 nin sequera se adoptou o acordo plenario), e se a solicitude de que se proceda á convocatoria dos concursos ordinario e específico de provisión de postos de traballo, solicitude que non garda ningunha relación co expediente de aprobación da relación de postos de traballo que agora se impugna. Tamén se contén nos devanditos escritos unha solicitude xenérica de que se paralice calquera nova proposta ou actuación que interfira ou poida interferir no mesmo” (refírese ao proceso de convocatoria e provisión de postos): incluso o Tribunal Constitucional tivo ocasión de declarar, en relación coa potestade de organización na función pública, que o funcionario non pode invocar dereitos que impidan a reforma e reorganización das estruturas administrativas, pois o contrario conduciría a petrificar estas, condenándoas a unha inmovilidade que as afastaría da realidade social e impediría o seu perfeccionamento (SSTC 271/1981 do 20 de xullo ou 6/1983, do 4 de febreiro). No escrito de 7/04/2017 solicitábase tamén “examinar a copia do contido completo dos tres expedientes administrativos citados para os efectos de poder preparar as reclamacións que poidan corresponder ...”, reclamación que non chega a formularse no período de información pública, de maneira que o hoxe recorrente non formulou en ningún dos seus dous escritos nada que puidese entenderse como unha alegación contra a aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo. Como queda dito, a xenérica solicitude de que se suspenda todo o que eventualmente poida entender o interesado que prexudica o seu dereito á provisión de postos de traballo non ten cabida no ordenamento xurídico. Consecuentemente con todo iso, ao non formulárense alegacións contra a aprobación inicial do expediente de modificación da RPT a dita modificación quedou definitivamente aprobada, polo que non se puido estimar a vulneración do procedemento legalmente establecido alegado polo interesado. Non concorre, polo tanto, a causa citada no apartado b) do número 2 do artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas debe desestimarse igualmente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado.

**II.2.** Non pode acollerse tampouco a alegación de que a modificación da RPT se inclúe e enmarca no plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019, pois a RPT, como o cadro de persoal, constitúen instrumentos necesarios e independentes da eventual existencia dun plan de ordenación de recursos humanos. No caso concreto obxecto deste recurso a modificación da RPT trae causa principalmente da

finalización dos procesos de promoción interna convocados pola Resolución 8223/2016 do 19/04/2016, en aplicación do disposto no acordo plenario do 31/05/2013, que aprobou o Plan de emprego 2013-2015, e de conformidade coas bases aprobadas para o efecto pola Xunta de Goberno por acordo adoptado o 15/04/2016, bases que segundo o devandito acordo “rexerán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes á promoción interna recollidos no Plan de emprego 2013-2015”. Nin o acordo aprobatorio das bases nin a resolución convocando os procesos selectivos foron obxecto de recurso, devindo firmes e inatacables. Por outra banda é claro que un proceso selectivo que se convoca o 19/04/2016 non pode traer a súa causa dun plan de ordenación de recursos humanos aprobado polo Pleno da Corporación do 31/03/2017. A referencia no plan de ordenación aos devanditos procesos selectivos non ten máis sentido que o de contextualizar as medidas que poidan derivarse da súa execución, destacando un dato de enorme relevancia para o futuro desenvolvemento dun plan de ordenación como é o da transformación de postos de traballo e prazas resultado dun proceso de promoción interna en vías de finalización.

De todo o exposto resulta que estamos en presenza dunha actuación da administración levada a cabo por órgano competente e seguindo o procedemento establecido para iso, polo que debe descartarse a pretendida “vía de feito”.

Visto o informe emitido polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de conformidade coa normativa legal

## **ACORDASE**

Desestimar, na súa totalidade, o recurso de reposición interposto por Jesús Martínez Loira contra o acordo plenario do 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo para 2017, polo que non se acolle tampouco a solicitude de suspensión da súa execución.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

## **29.-APROBACIÓN DA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA CONTRA O ACORDO DO PLENO DO 31/03/2017 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL 2017.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 16 deputados (13 do PP e 3 de Marea Atlántica)

## **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

“Visto o expediente 2017/17184, relativo ao recurso interposto polo COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) contra o acordo plenario do 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal para 2017 no que se acreditan os seguintes

### **I.- ANTECEDENTES**

**I.1.-** O 31/03/2017 o Pleno da Corporación aprobou a modificación do cadro de persoal 2017. Non se presentaron alegacións no prazo regulamentario á devandita modificación e quedou definitivamente aprobada. A citada aprobación definitiva foi anunciada no BOP 103 do 02/06/2017, no que se fai público o cadro de persoal 2017 coas modificacións introducidas.

**I.2.-** O 3/07/2017 o COAG, interpón recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal para 2017 no que, en síntese, previas as alegacións que considera oportunas, solicita que se deixen sen efecto o cadro de persoal no que respecta ao posto impugnado para substituílo por outro no que se superen as infraccións alegadas, entanto a utilización da expresión “Enxeñeiro da Edificación” carece de cobertura legal.

### **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**II.1.** Alega o recorrente que a denominación enxeñeiro de edificación foi anulada polo Tribunal Supremo en sentenza do 09/03/2010 e que non existe a profesión regulada de “enxeñeiro de edificación”, polo que procede anular o cadro de persoal no que respecta a dito posto.

No entanto debe dicirse que o Tribunal Supremo non invalida en ningún caso a titulación, nin o plan de estudos, senón que por inducir a erro anula o punto segundo (denominación do Título), apartado 3 do Consello de Ministros do 14 de decembro de 2007 así como anula idéntica denominación na orde ECI/3855/2007 do 27 de decembro. E en todo caso o contido da citada sentenza só alcanza ao acordo e á orde afectados, e non a outros actos ou resolucións que regulan os títulos. A sentenza por tanto, non alcanza aos actos pretéritos que conteñan a terminoloxía de enxeñeiro de edificación, ao non impugnárense tales actos e non resultar tal expresión de imposición ningunha por parte do Goberno, senón da libre decisión das universidades de denominar os títulos. Polo cal, non ha de afectar os títulos xa verificados, nin por tanto ás súas denominacións, nin a ningún outro aspecto xa contemplado. Sendo o devandito título válido e existente como tal, non compartíndose as alegacións efectuadas polo recorrente, de que non existe o título de enxeñeiro de edificación, tras a sentenza do Tribunal Supremo, pois esta en ningún momento anula o título como tal.

A este respecto traemos a colación a nota-informe emitida pola Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación sobre o alcance da STS do 09/03/2010, pola que se estima o recurso interposto polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Industriais contra o Acordo do Consello de Ministros polo que se establecen as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de arquitecto técnico: “A sentenza anula o apartado tres do punto segundo (denominación do título) do Acordo do Consello de Ministros citado, de modo que, en diante, tal disposición terase por non posta. O devandito apartado establecía literalmente que “Ningún título poderá utilizar a denominación de Graduado ou Graduada en Enxeñería da Edificación sen cumprir as condicións establecidas no presente acordo”, sendo a pretensión deste apartado a de impedir o uso desta denominación por títulos que non cumprisen as condicións establecidas no referido acordo, polo que anulado esta apartado, desaparece con el a dita reserva.”

Engade a nota-informe que “c) A sentenza refírese a aspectos concretos e non prohíbe que as universidades poidan propor títulos que no futuro comprendan tal expresión, nin moito menos cabe da sentenza deducir que impoña unha obrigação de prohibición de uso no futuro de tal denominación.

Así mesmo cabería deducir que en diante outros títulos poderían tamén usar tal denominación sen suxeición ás condicións mencionadas no devandito acordo, iso con independencia da obrigação xeral inherente a toda proposta de título de que a súa denominación sexa coherente co plan de estudos proposto, aspecto este que, en calquera caso, deberá ser avaliado no preceptivo informe que ha de emitir a ANECA con carácter previo á verificación do título. Pero, como queda dito, dos termos da sentenza non cabe excluír que en diante poidan seguir adoptando a denominación de Graduado en Enxeñeiro da Edificación novas propostas de títulos que pretendan habilitar para o exercicio da profesión de arquitecto técnico e cumpran coas condicións sinaladas, pois da propia literalidade daquel non cabe en ningún modo deducir que a dita denominación quede prohibida para os títulos que en diante se sometan ao trámite de verificación.

d) Cuestión distinta é que naqueles supostos nos que, no seu caso, o título puidese ser verificado con tal denominación pero sen cumprir as condicións establecidas no repetido acordo do Consello de Ministros, obviamente, tal título non habilitaría en ningún caso para o exercicio da profesión de arquitecto técnico.” Continúa a nota dicindo que “A sentenza, por tanto, non alcanza a actos pretéritos que conteñan a terminoloxía de “enxeñeiro de edificación” ao non impugnarse tales actos e non resultar tal expresión de imposición ningunha por parte do Goberno senón da libre decisión das universidades de denominar aos seus títulos como teñan a ben, sendo tal decisión ratificada polo consello de Universidades. Tampouco pode afectar a pronunciamentos ou actos futuros, na medida en que o anulado non impuña tal expresión e que a sentenza nada ordena respecto da prohibición do seu uso futuro.”

De modo que a finalidade que tiñan ambos os dous apartados, anulados pola comentada resolución do TS, non era outra que establecer unha reserva para o uso en exclusiva da denominación de “Graduado en Enxeñería de Edificación” a favor dos títulos que cumprisen as condicións para habilitar ao exercicio da profesión regulada de arquitecto técnico. A sentenza tan só anula esa reserva en exclusiva do uso da devandita denominación, polo que a partir de entón podería ser empregada por outros títulos. É evidente, pois, que o que se anulou foron determinados preceptos do citado acordo do Consello de Ministros, pero non outros actos administrativos, como

poden ser as resolucións polas que as distintas universidades publican o Plan de estudos de graduado en Enxeñería de Edificación. Para que os títulos fosen anulados sería necesario que se impugnase todas e cada unha de tales resolucións, circunstancia que non tivo lugar, pois hai varias universidades que, tal e como se pode constatar accedendo ao Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, seguen impartindo o título de grao en enxeñería da edificación.

II.2. O cadro de persoal contén unha praza denominada “Enxeñeiro de edificación” clasificada dentro da escala de administración especial, subescala técnica, clase de técnicos superiores, xa que de acordo co disposto no artigo 170.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local “Terán a consideración de funcionarios de Administración especial os que teñan atribuído desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira...”

II.3 Finalmente cómpre salientar que a praza existe no cadro de persoal dende o 30/03/2016, e que nin o dito acto nin a posterior convocatoria para a cobertura en propiedade da praza foron obxecto de recurso.

Visto o informe emitido polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de conformidade coa normativa legal

#### **ACORDASE:**

Desestima, na súa totalidade, o recurso de reposición interposto POLO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA contra o acordo plenario do 31/03/2017 de aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal para 2017.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

#### **30.- RENUNCIA DE DON EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA Á SUA CONDICIÓN DE DEPUTADO PROVINCIAL.**

Vótase a ratificación da inclusión na orde do día, apróbase por unanimidade.

Seguidamente vótase a proposición da Presidencia e apróbase por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito de data 18 de xullo de 2017, con entrada no rexistro o mesmo día 24, a renuncia á súa condición de deputado provincial por don Eduardo Parga Veiga, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao



disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Eduardo Parga Veiga.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don José Manuel López Varela, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Carballo nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Carballo”.

## ACTUACIÓN DE CONTROL

### MOCIÓNS

#### Sr. Secretario

Hai tres mocións do Partido Popular correspondentes a renuncias de membros desta Corporación á súa condición de deputado provincial, cada unha delas tramítase como asunto presentado fóra da orde do día nunha sesión plenaria ordinaria, é dicir, débese votar primeiro a urxencia e logo a proposta contida na moción.

### **I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE RENUNCIA DE DEPUTADO PROVINCIAL**

Apróbase a urxencia por unanimidade, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial **don Juan José Dieste Ortigueira**, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da Deputación o día 24 de xullo de 2017, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Juan José Dieste Ortigueira**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a dona Teresa Villaverde Pais**, segunda suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Noia nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Noia, tendo en conta a renuncia anticipada formalizada polo primeiro suplente, don Carlos Enrique López Crespo”.

## **II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE RENUNCIA DE DEPUTADO PROVINCIAL**

Apróbase a urxencia por unanimidade, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial **don Luis Oujo Pouso**, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da Deputación o día 24 de xullo de 2017, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Luis Oujo Pouso**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a dona Inés Monteagudo Romero**, terceira suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Noia nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Noia, tendo en conta a renuncia anticipada formalizada polo primeiro suplente, don Carlos Enrique López Crespo e que a segunda suplente deberá cubrir a vacante producida pola renuncia do deputado don Juan José Dieste Ortigueira”.

### III.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE RENUNCIA DE DEPUTADO PROVINCIAL

Apróbase a urxencia por unanimidade, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada a renuncia á súa condición de deputado polo deputado provincial **don Javier Caínzos Vázquez**, mediante escrito con entrada no rexistro xeral da Deputación o día 28 de xullo de 2017, cómpre facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter inmediato por afectar ao estatuto de electos locais,

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa declaración de urxencia, consonte aos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da **renuncia** á súa condición de deputado provincial, presentada por **don Javier Caínzos Vázquez**.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que **corresponde cubrir a devandita vacante a don Carlos Vázquez Quitián**, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Betanzos nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos”.

Sr. Presidente

Pasamos a rogos e preguntas pero non antes sen deixar de agradecer aos compañeiros que hoxe cesan no seu cargo a leal colaboración, constante, durante estes dous anos, e desexarlles loxicamente os maiores trunfos persoais nos próximos anos. Moitas grazas.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Fraga Sáenz

Queríamos empregar esta quenda de rogos para visibilizar un par de asuntos da realidade inmediata que nos parecen preocupantes, unicamente porque se incorporaran a futuros debates ou non, aínda que un deles non ten relación directa coa Deputación, posiblemente si o ten noutro sentido, que é o caso de Juana Rivas, a muller de Granada á que un xuíz pretende arrebatarse os seus fillos e poñelos en mans do seu exmarido que é un maltratador, cremos que non pode haber criterio xurídico por riba dos criterios máis elementais, que é o dunha muller que non quere poñer os

seus fillos en mans dun maltratador, que os dereitos e protección de menores deben de prevalecer sempre, que un maltratador non pode ser un bo pai. E aproveitamos tamén para reforzar a necesidade de aprobación e aplicación dun pacto real de Estado contra as violencias machistas, un pacto dotado de recursos, con perspectiva transversal e feminista, que non responde ao pacto que se está aprobando estes días no Congreso, aínda que é un avance, grazas ao traballo da oposición.

En segundo lugar, si nos toca máis de preto nesta Deputación, de proximidade física, que é outro caso de violencia na nosa contorna xeográfica, un caso de violencia histórica e agravada pola súa invisibilización, queremos denunciar o feito de que o Pazo de Meirás non só está expropiado para a cidadanía galega, convertido nun privilexio para a familia dun ditador, senón que esta semana coñecemos que a Fundación Francisco Franco xestiona o servizo de visitas, unha Fundación que ten como fin difundir a memoria e obra dun ditador. Que o noso patrimonio estea en mans de xente así é un feito que nos parece condenable e así o queriamos trasladar neste Pleno. Grazas.

#### Sr. Caínzos Vázquez

Bos días a todos, quería reiterar unha petición xa realizada na Comisión de Vías e Obras e no Pleno desta Corporación, no último Pleno, onde se solicitaba e se pedía ao departamento de Vías e Obras que axilizara de xeito urxente o arranxo da vía de titularidade provincial que discorre polo centro e polo casco urbano de Curtis, dado o Estado no que se atopa, moi deteriorado, e que está a causar moitas molestias aos veciños e residentes na zona, que non paran de trasladar as queixas ao Goberno local. En canto a iso, solicito e reitero a ese departamento de Vías e Obras que axilice, na medida do posible, os trámites para darlle unha solución inmediata e urxente porque está nun estado moi deteriorada, e que puideron corroborar os técnicos e que eu reitero novamente que se axilicen os trámites.

#### Sra. Sanmartín Rei

Eu, á parte de sumarme ao agradecemento ademais na despedida a estes catro deputados que nos deixan hoxe, e tamén de sumarme ás cuestións comentadas por Rocío Fraga, a esa cuestión dese necesario compromiso, tanto co caso de Juana Rivas, como da denuncia pola xestión do Pazo de Meirás, cuestións que algunhas persoas xa fixemos pública esta denuncia nas redes sociais, quería aproveitar sen máis como última sesión antes das vacacións para desexarlles a todos os deputados e todas as deputadas moi boas vacacións e que aproveiten os seu tempo para facer todas as actividades que consideren oportunas de lecer, e entre elas, como unha delas moi boa é a lectura, xa ven que lle agasallamos con estes tres últimos volumes, que se corresponden co último Premio de Poesía editado do premio Miguel González Garcés, o último premio tamén de banda deseñada Castelao, Entullo, de Lorena Conde, Fóra de mapa de Emilio Fonseca e un libro que tamén ten moita relevancia desde esa perspectiva da Deputación porque fala xustamente no Centenario de Eduardo Pondal desa xeografía, deses topónimos, deses concellos que Eduardo Pondal refire e nomea na súa poesía, e é unha antoloxía deses poemas en que aparecen moitos dos concellos dos que temos representación e concellos da nosa provincia que aparecen xustamente incluídos na súa obra poética, nesta antoloxía

feita por Manuel Ferreiro, “Esta é a terra dos eidos amigos”, é polo menos a nosa contribución para desexar que tamén este verán sexa un verán de boas lecturas.

Sr. García Seoane

Non é para facer nin un rogo nin unha pregunta, simplemente para, aínda que os vou ver continuamente porque eu vou seguir en política e eles tamén, me parece, agradecerlles a cordialidade e o trato afable que sempre tiveron, que non é dado o uso nas Corporacións a veces andamos tirándonos os cachifallos á cabeza sen máis, e dicir que tiveron comigo desde logo, e que creo que con todos, nas comisións foron moi correctos no seu traballo e polo tanto, que lles vaia ben.

E por outro lado, que me esquecía antes, intervín nun tema de Oleiros, pero no outro non o fixen por non ser..., pero quedábame algo que teño que dicilo, ademais da vontade xeral, pero principalmente do Goberno que é quen toma esa decisión, e do presidente da Comisión que levaba os asuntos, dos presidentes das Comisións que levaban asuntos que se levaron do Concello de Oleiros, hai unha parte importante que eu antes, non é que me esquecera, que a teño presente, que é o traballo dos funcionarios que levaron adiante toda a tarefa para que isto fose posible, estes acordos que tomamos hoxe sexan posibles. Polo tanto, felicitarlles polo seu traballo e polo seu cariñoso apoio, neste caso xusto, unha que o Concello de Oleiros vai ter, como dixeran antes, o tema das zonas verdes, e outra o uso que pon o Concello tamén a disposición da Deputación, por quince anos, ou por aqueles máis que se quixeran, para prestar un uso social e laboral do Pazo de Arenaza. Polo tanto, grazas por esa labor e por ese traballo.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e sete minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.